



# XOVES

## I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O Consello Europeo de Investigación (ERC nas súas siglas en inglés) vén de abrir, o pasado 10 de febreiro, a nova **convocatoria Advanced Grants 2015** para financiar proxectos de investigación excelentes e altamente innovadores. Esta convocatoria enmárcase dentro do programa europeo de I+D+i Horizonte 2020, no pilar Ciencia Excelente.

Estes proxectos, de calquera área temática do campo das ciencias, a enxeñaría ou a docencia, deberán estar **liderados por un investigador cunha experiencia mínima de 10 anos** que se comprometa a realizar a súa investigación en Europa.

Os proxectos financiáveis serán **individuais**, cunha duración máxima de **até 5 anos** e un financiamento de até 3,5 M€, aínda que xeralmente estará limitada a un máximo de 2,5 M€. Nesta edición, a convocatoria conta cun orzamento aproximado de 630 millóns de euros, o que equivale a 280 proxectos financiáveis.

A información completa da convocatoria podes consultala na **páxina web do ERC**, así como **realizar a solicitude** até o 2 de xuño de 2015.

Pola súa banda, a Axencia Galega de Innovación (GAIN) conta cun servizo de apoio á participación neste programa (en calquera das súas tipoloxías: starting, consolidator e advanced) a disposición do persoal investigador galego interesado, no marco do seu **Programa Oportunus**.

Poden optar a este servizo aqueles/as candidatos/as que non teñan participado neste programa con anterioridade. Para solicitálo soamente hai que cumprimentar un **formulario online** e enviálo por correo electrónico ao enderezo

[informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es), co fin de avaliar a elexibilidade dos proxectos e seleccionar aqueles con maior potencial de financiamento. Os/As candidatos/as seleccionados /as poderán optar a **servizos complementarios**, tales como orientación á hora de redactar e presentar a súa candidatura, formación e/ou revisión da solicitude. A data límite para facer chegar o cuestionario, no caso das Advanced Grants, é o **28 de febreiro de 2015**.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa enviando un mail a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es) dende a conta na que desexe anular a suscripción.